

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POR PERSOAL LABORAL FIXO,  
DUNHA (1) PRAZA DE AUXILIAR DE XARDINERÍA CORRESPONDENTE Á  
OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2019**

**RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E VALORACIÓN DE MÉRITOS**

Revisadas as alegacións presentadas ao segundo exercicio (práctico) polas persoas aspirantes durante o prazo outorgado ao efecto, o Tribunal acorda:

Revisadas as alegacións presentadas, o Tribunal acorda:

- **RECLAMACIÓN PRESENTADA POR D. RAMÓN L. RÚA BRAVO (R.E. 202299900000868 DO 19/04/2022)** na que expón que considera que non se deron instrucións, orais ou escritas, ás persoas aspirantes acerca da orde e numeración de elementos que debían identificar durante este exercicio, que non se distribuiu ordenadamente ás persoas aspirantes para que fosen desenvolvendo o exercicio de forma secuencial, e que os contidos do exercicio non se correspondían coas funcións da categoría profesional de auxiliar de xardinería e solicita que *“sexa revisada a miña cualificación no segundo exercicio deste proceso selectivo de forma que se puntúen os elementos correctamente identificados sen ter en conta a súa secuencia”*

O Tribunal acorda non admitir a alegación presentada por D. Ramón L. Rúa Bravo, xa que si se deron instrucións orais antes do comezo do exercicio, se lles entregou a planilla a tódalas persoas aspirantes antes de comezar a contar o tempo, e incluso se parou o tempo e se corrixiu a planilla de respostas ao detectarse un erro material, para que a numeración fose correlativa e correspondese coa colocada na mesa (15 elementos numerados do 1 ao 15). En ningún momento se dixo que se tiña que facer o exame de forma secuencial, as persoas aspirantes podían contestar na orde que estimasen máis oportuna, e o que efectivamente tiñan que facer é contestar de forma que o número que figuraba na planilla de respostas coincidira co número do elemento a describir. Amais, se se puidese contestar libremente, poñendo os nomes en calquera lugar da planilla, ao lado de calquera número, o Tribunal non podería saber se a persoa aspirante sabe identificar a ferramenta ou especie da que se trata.

En canto á colocación das persoas aspirantes, o Tribunal manifesta que se lles deu liberdade para moverse arredor da mesa, cousa que fixeron, incluída a persoa que presenta esta reclamación, para poder ver tódolos elementos (ferramentas ou útiles ou especies vexetais), e ilos estudando, podendo tocalos e manipularlos, pero sendo advertidos de non mover o número que tiña asignado cada elemento.

Respecto aos contidos da proba práctica, o Tribunal manifesta que corresponden coas Bases e o temario da praza, tal e como se reflicte na Acta 5ª deste proceso, de data 08/04/22, que di, literalmente:

*“A Base novena- Segundo exercicio, establece que o 2º exercicio consistirá “na realización dunha proba práctica relacionada coas materias establecidas no temario que figura no anexo II, consistente no mantemento e conservacion de parques e xardíns municipais, coa finde avaliar as aptitudes das persoas aspirantes no manexo dos equipos, a destreza na execucion de tarefas, o coñecemento dos elementos a utilizar e os resultados”.*

Consecuentemente co disposto, o Tribunal decide avaliar o coñecemento dos elementos a utilizar e, de tal xeito, propónse a identificación de (5) ferramentas ou útiles, indicando o seu nome (puntuable 1 punto) e para que se utilizan (puntuable ata 1 punto), e a identificación de dez (10) especies vexetais mediante o seu nome común (puntuable 1 punto), o seu xénero (puntuable 0,5 puntos) e a súa especie (puntuable 0,5 puntos), sendo a puntuación máxima posible a de 30 puntos, de acordo co disposto nas Bases.”.

Por todo o manifestado, o Tribunal acorda non admitir, na súa totalidade, a alegación presentada por D. Ramón L. Rúa Bravo, poñendo de relevo que o aspirante incluso se achegou aos membros do Tribunal, unha vez rematado o exercicio, para comentar que se confundira á hora de escribir as respostas na planilla, e que se dera conta ao comentar o exercicio cos demais aspirantes, que llo puxeron de manifesto ao telo eles/as feito correctamente.

**- RECLAMACIÓN PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL TUÑAS NEGREIRA (R.E 1924 DO 26/04/22)** na que manifesta que *“Na pregunta 4 del segundo ejercicio del concurso-oposición de auxiliar jardinero, se me descontó 0,25 ptos por poner que los difusores alcanzan 6-7 metros”* que solicita *“que se me de por*

correcta dicha pregunta (2 puntos) ya que existe tobera de difusores que alcanzan los 6-7 metros (R-VAN 1724). Aporto documentación de la marca RAINBIRD para demostrarlo.”, en vez dos 1,75 asignados polo Tribunal, ao considerar que a súa descrición é totalmente correcta.

O Tribunal acorda non admitir a alegación presentada, porque non se lle restou ningunha puntuación polo alcance do útil obxecto de descrición, senón que lle outorgou a referida puntuación pola descrición en global que fixo o candidato do elemento, considerando o Tribunal que dita descrición non era merecedora de outorgarlle a puntuación máxima nesa pregunta.

-----

Antes de comezar a valoracións dos meritos presentados, o Tribunal acorda que, do mesmo xeito que o previsto nas Bases para os cursos: (*“Valoraranse por unha soa vez os diferentes cursos relativos a unha mesma materia (agás que quede claramente diferenciado que o contido tivera sido diferente, ou que se tratase de actualizacións), valorándose, unicamente, o de nivel superior ou avanzado.”*), se realizará a *analogía* no caso de Obradoiros de emprego que poidan presentar as persoas aspirantes: só se valorará como formación, e non como experiencia laboral, xa que vai implícita dita contratación, e non se poden valorar dúas veces un mesmo mérito, concordando en que ao valorarse como formación, resultará máis favorable para tódolos aspirantes que poidan presentar dito mérito.

Rematada a valoración, o resultado é o que segue:

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>CUALIFICACIÓN EXPERIENCIA</b>	<b>CUALIFICACIÓN FORMACIÓN</b>	<b>TOTAL FASE CONCURSO</b>
ARUFE GARCIA, NICANOR ENRIQUE	*****554H	18	4,05	22,05
CASAI S OTERO, JOSÉ BENITO	*****777T	5,775	5,05	10,825

CEBREIRO GARCÍA, MIGUEL ÁNGEL	*****299Z	0,5	2,5	3,00
GÓMEZ BUELA, VANESSA	*****188E	4	0,75	4,75
OGEROS GIL, DIANA	*****402X	4	0,50	4,50
TRIGO AMADO, MIGUEL ÁNGEL	*****742J	3,40	6,00	9,40
TUÑAS NEGREIRA, JOSÉ MANUEL	*****107V	9,175	8,65	17,825
VÁZQUEZ FILGUEIRA, JOSÉ MANUEL	*****251L	0	2,00	2,00

De acordo co disposto na Base 9ª- apartado B, a presente baremación de méritos farase pública mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, coa indicación da puntuación por cada aspirante.

Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación perante o propio tribunal no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita baremación.

A secretaria do Tribunal,

Mª Elena Méndez Buela